

PLENO

ACTA 2019/11 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE OROSO DO 17/10/2019

No salón de Plenos da Casa do Concello , ás 09:30 horas, coa asistencia de:

- 1 Vanesa Boo Martínez (PSdeG-PSOE).
- 2 Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE)
- 3 Luis Rey Villaverde PSdeG-PSOE)
- 4 Javier Grela Mosquera (PSdeG-PSOE)
- 5 Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE)
- 6 Alexander Doval Expósito (PP)
- 7 Lidia López Gándaras (PP)
- 8 Silvia Suárez García (PP).
- 9 José Carlos Mosquera Boo (PP)
- 10 María Teresa Cendal Iglesias (OR)
- 11 Isabel Fernández Gallego (BNG).

Actúa como secretario do Pleno, o Secretario da Corporación D. Federico Suárez Cancelo, e non asiste o Interventor da Corporación D. Félix Carrasco del Pozo. Non asisten igualmente de xeito xustificado o Sr. Alcalde da Corporación D. Manuel Mirás Franqueira e o concelleiro D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR). Preside a Alcaldesa en funcións D^a. Vanesa Boo Martínez (PSdeG-PSOE).

Constitúese o Pleno da Excm. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA

ASUNTO ÚNICO: SORTEO DOS MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS AO CONGRESO DOS DEPUTADOS E AO SENADO DO 10 DE NOVEMBRO DE 2019, CONFORME AO ARTIGO 26 DA LOREG.

A Alcaldesa en funcións declara aberta a sesión en primeira convocatoria procedendo a continuación a tratar os diferentes asuntos incluídos na orde do día:

ASUNTO ÚNICO: SORTEO DOS MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS AO CONGRESO DOS DEPUTADOS E AO SENADO DO 10 DE NOVEMBRO DE 2019, CONFORME AO ARTIGO 26 DA LOREG.

A Sra. Alcaldesa cédelle a palabra ao Secretario da Corporación quen explica que se procederá á realización do sorteo dos membros que deben integrar as mesas electorais a través do programa informático subministrado polo Instituto Nacional de Estatística e que se procederá igualmente a sortear unha lista de reservas para poder substituír as posibles excusas e imposibilidades de notificación que se poidan producir respecto ao sorteo.

Seguidamente se procede a realizar o sorteo cos resultados que se anexan á presente acta.

Realizado o sorteo e lido os resultados do mesmo e non sendo outro o obxecto da presente convocatoria a Sra. Alcaldesa en funcións da por levantada a sesión cando son as 9:40 horas do día antedito, da que se estende a presente acta que se asina dixitalmente por ambos

O Alcalde – Presidente.
Manuel Mirás Franqueira

O Secretario.
Federico Suárez Cancelo.

PLENO